

la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



ANTÓN PARADA

En la imagen, alumnos del CEIP de Outes analizan, en su particular quiosco, varios periódicos

La información periodística

En el 40.º aniversario de la Constitución trabajaremos en clase cómo reconocer la información objetiva y veraz

El *Libro de estilo* de La Voz de Galicia dice que «la información es un texto destinado a proveer al lector de datos para que conozca la actualidad y la entienda. Su principal característica es la objetividad. Ni se opina ni se interpreta la realidad. Eso lo hará el lector con la información que se le ofrezca».

Hace 40 años la Constitución recogía en el artículo 20 el derecho que tienen todos los españoles a «comunicar o recibir libremente información veraz por cualquier medio de difusión».

La Real Academia atribuye la palabra *veraz* al que dice, usa o profesa siempre la verdad. Esto es, si pasa un accidente en la carretera, surge en nosotros un pensamiento: «Hay demasiados accidentes». Y también puede ser que tengamos un sentimiento: «¡Pobres, para qué les habrá valido el correr tanto!».

Sin embargo, el objeto en sí, lo objetivo, no es solo lo que nosotros pensamos o sentimos, sino también qué pasó en realidad: quién iba en el coche, qué sucedió, cómo fue, por qué, dónde, cuándo. Informar es dar noticia de algo que ha sucedido realmente. Según el *Libro de estilo* de La Voz, «en la noticia, el periodista, como mero

intermediario entre los hechos y el receptor de la información, debe ser absolutamente fiel a aquellos. Dará por cierto lo seguro, y por dudoso, posible o probable, lo no comprobado».

2. EL JUEGO DE LOS SINÓNIMOS

Existen unos cuantos sinónimos que explican qué es lo que entendemos por la expresión *información veraz* cuando hablamos de una noticia.

■ **Autenticidad.** Viene de la palabra latina *authenticus*, aquello que es original y que pueda reconocer un notario oficialmente como verdadero.

■ **Certeza.** Lo conocido como verdadero, seguro y sobre lo que no puede caber duda.

■ **Exactitud.** Puntual, reproducción perfecta, trabajo bien realizado y concluido.

■ **Fidelidad.** ¿Recuerdas eso de alta fidelidad en el sonido? Pues lo mismo en la reproducción de una noticia: suena a realidad.

■ **Honestidad:** La tiene el profesional que dice las cosas como las ve, sin dejarse llevar por presiones de otros.

■ **Justicia.** Que atribuye a cada uno lo suyo, ni más ni menos.

■ **Realidad.** Viene de la palabra latina *res*, 'cosa'. Decir que una noticia es real

equivale a informar de que así es la cosa, tal cual refleja el escrito.

■ **Sinceridad.** Sin mezcla, sano, intacto, verdadero, de buena fe.

3. LA SUBJETIVIDAD

Solemos decir que una persona da las noticias o nos cuenta las cosas de una forma subjetiva cuando, en vez de fijarse en el objeto, en lo que pasó (un accidente, por ejemplo), se deja llevar «por su propio modo de pensar o de sentir del sujeto, y no por el objeto en sí mismo», lo mezcla todo y, al final, no sabemos si lo que cuenta es real o no. ¿No te ha pasado alguna vez cuando intentas escuchar la radio y se te va la onda, aparecen otros ruidos, se mezclan los sonidos de otras emisoras y no te dejan oír con claridad tu música o noticia preferida?

■ **Deformaciones.** Cambiar la forma en que sucedieron las cosas.

■ **Disimulo.** Pasar por alto algún dato importante de la noticia, ocultar lo que se siente, se sospecha, se sabe o se hace.

■ **Engaño.** Falta de verdad en lo que se dice, trampa para que el otro pique y se fije en detalles que no interesa dar a conocer.

■ **Manipulaciones.** Utilizar medios y

formas para llevar la noticia hacia los propios intereses.

■ **Omisiones.** No decir cosas que sean importantes para entender la noticia o dejar de hacer una investigación para comprobarla.

■ **Pasión.** A veces, la persona apasionada por algún tema o acontecimiento no es objetiva al contar una noticia.

■ **Presentación.** Con frecuencia la forma en que está presentada una noticia, el lugar que ocupa, el tamaño de la letra... pueden inclinarnos a darle mayor o menor importancia.

■ **Reserva.** Guardar datos de la noticia sin una razón justificada, como podría ser la dignidad, intimidad, el honor de una persona o el respeto al momento de decirlo.


■ **Sensacionalismo.** Dar una importancia exagerada a una noticia tanto en su formulación como en su contenido.

■ **Silencios.** No publicar noticias que de algún modo pueden ir en contra de las ideas e intereses propios.

■ En fin, vuelta al número 2: «información veraz». Con ella brindamos por la Constitución que en estos días está de fiesta. ¡Y que cumpla muchos más! A la Constitución española le dedicamos hoy la página 6 del suplemento.

> 4-5

A novela
«O bosque
animado» fai
75 anos



> 6

40 anos de
consenso na
Constitución
para todos



> 7

El consumo de
agua: mejores
hábitos para un
bien escaso



Os accidentes de tráfico

Na primeira páxina fixámonos no dereito que a Constitución española reconece e protexe sobre «comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión». Agora, invitámosvos a pór en práctica outro dereito, que tamén reconece a Constitución que mañá está de aniversario: o dereito á

producción e creación literaria, artística, científica e técnica. Cal é a vosa opinión, por exemplo, nun tema tan importante como son os accidentes de tráfico? Tes algunha proposta? Hoxe propomos ideas para analizar en clase as causas e posibles solucións dun tema que ocupa, día tras día, as páxinas do xornal. > Jesús Garrido

Dividides a clase en grupos de tres. Imos debuxar dous diagramas de araña. A figura vai ser a mesma nos dous diagramas, pero o obxectivo é distinto. Eliximos un tema que imos analizar. Neste caso, por exemplo, a noticia dos accidentes de tráfico. No diagrama 1 (DC) analizaremos as causas (oito) dos accidentes. E no diagrama 2 (DS) anotaremos as posibles solucións (oito) para evitalos.

DIAGRAMA 1

Causas dos accidentes de tráfico

- Nun papel trazades unha circunferencia e dividídelas con liñas en oito partes iguais, o cal compón unha figura de oito triángulos.
- Despois rematades cunha liña recta cada unha das oito bases dos triángulos, para que así se parezan máis aos fíos interiores dunha arañeira.
- Dentro de cada triángulo trazades nove liñas paralelas ascendentes, que deixan dez espazos en branco desde a base á cima do triángulo, tal como se ve na figura adxunta.
- No medio de cada un destes dez espazos, comezando pola base, escribides un número do 1 ao 10, que servirá despois para a puntuación que deades a cada unha das causas dos accidentes de tráfico.
- En cada unha das oito bases do triángulo colocades unha letra (A, B, C, D, E, F, G, H), que representa unha causa que vós xulgades importante neste tipo de accidentes: velocidade excesiva, non facer stop, etcétera, ata cumprimentar as oito causas ao redor de arañeira.
- Que importancia lle dades á velocidade excesiva como causa dos accidentes? Un 4, por exemplo? Pois enchedes de vermello o espazo que leva o número 4 do sector no que está escrito o título desa causa.

DIAGRAMA 2

As solucións

Ante estes datos, a pregunta que podemos discutir na escola é: que medidas, ao teu xuízo, serán máis eficaces para lograr reducir o número de falecidos polos accidentes de tráfico?

- De novo, debuxade outro diagrama de arañeira. Escribide e puntuade de 1 a 10 cales serían, ao voso xuízo, as medidas máis eficaces para evitar cada unha das causas A, B, C, D, etcétera.

RECURSOS

Táboas estatísticas do Ministerio do Interior


O Ministerio de Interior publicou recentemente as táboas estatísticas dos accidentes de tráfico con vítimas, tanto en vías interurbanas como en vías urbanas. Contén todos os datos desde 1998 ata o 2016 e pódolos consultar nesta dirección:

■ goo.gl/G7fPXw



SANTI M. AMIL

Pensem nas causas dos accidentes de tráfico e busquemos solucións



A continuación recolleemos outros datos relevantes e moi recentes, como podes comprobar.

- **Controis.** 380.117 vehículos foron controlados polos axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil durante a última campaña que a Dirección Xeral de Tráfico fixo nas estradas convencionais do 5 ao 11 de novembro.

■ **Obxectivo.** O obxectivo da campaña foi concienciar os condutores e controlar o seu comportamento mentres circulaban por aquelas vías que non dispoñen de separación física de ambos os sentidos de circulación e que, a pesar de ter unha menor densidade de tráfico, presentan unha maior sinistralidade.

- **Denuncias.** Durante os sete días, os axentes de Tráfico denunciaron a 18.538 condutores por incumplir algún dos preceptos recolleitos na normativa de tráfico e seguridade viaria.

- **Drogas.** Respecto dos positivos por circular tendo consumido drogas, os axentes de Tráfico

interceptaron a 694 condutores que deron positivo nas devanditas probas. Os condutores que deron positivo en alcol foron 794.

- **Cinto de seguridade.** Outra das infraccións máis habituais foi non usar o cinto de seguridade. Só nunha semana, 1.129 persoas foron denunciadas por non levar posto o cinto de seguridade mentres viaxaban e outras 74 por non levar aos menores que transportaban co seu correspondente sistema de retención infantil.

- **Móbil.** O uso do móbil ou levar auriculares durante a conducción segue sendo unha acción habitual entre algúns condutores. Nunha semana, e só en estradas convencionais, 1.017 condutores foron denunciados por distraccións ao volante. 751 destas denuncias corresponden ao uso de móbil mentres conducían.

- **Velocidade.** Nesta campaña 7.491 condutores foron denunciados por circular a unha velocidade superior á permitida.

- **Adiantamentos.** Durante unha semana, 277 condutores foron sorprendidos realizando un adiantamento antirreglamentario e outros 298 non respectando un sinal de stop ou de ceda o paso.

PUBLICACIÓN

Se logrades en grupo estes dous diagramas, podedes enviárnolos e publicarlí os. Enviádeo a este enderezo: churpe@telefonica.net

¿Educamos o sobreprotegemos?

Encerrar a los hijos en burbujas de cristal les impide crecer en madurez y autonomía

A los llamados padres helicóptero, que vigilan de cerca cualquier movimiento de sus hijos para allanarles el camino y evitarles el más mínimo obstáculo, les da horror pensar que a sus pequeños les pueda pasar algo malo. Por ejemplo, caerse y hacerse una herida en la rodilla, olvidarse la merienda en casa y quedarse toda la mañana sin ingerir bocado, llegar a clase sin los deberes de Matemáticas hechos o tener un conflicto con sus amigos. Por eso les ponen rodilleras para andar en bici, les llevan el bocadillo al colegio si se lo han olvidado, preguntan a otros padres por WhatsApp los deberes (no se fían de sus hijos) y cogen el teléfono para llamar a los padres del niño que discutió con el suyo y solucionar así el tema. En ocasiones, esta sobreprotección llega tan lejos que se convierten en abogados incondicionales de sus retoños, buscando siempre justificaciones para una conducta inadecuada. Por ejemplo: «Es verdad que bajó el rendimiento escolar, pero la culpa es mía, que empecé a trabajar por las tardes y no le puedo ayudar con los deberes», «Reconozco que su actitud en clase no es adecuada, pero la culpa es de los profesores que no saben motivarle» o «Cierto que no está bien que haya insultado a su compañero, pero otros también lo hacen».

El instinto de protección es algo natural y deseable, pero cuando cruzamos la línea de la sobreprotección estamos impidiendo que crezcan y, sobre todo, estamos formando personas débiles, dependientes, llenas de miedos y ansiedades. Porque al mismo tiempo que les evitamos las pequeñas frustraciones del día a día les estamos transmitiendo un mensaje subliminal muy destructivo: «Tú solo no eres capaz», «No confíes en ti mismo», «Tú no puedes», «Ya lo hacemos los demás por ti».

En la práctica, el lastre que significa ser hijo de padres sobreprotectores tiene las siguientes consecuencias:

■ **Son niños inseguros y nerviosos.** Sus



Sobreproteger a los hijos resguardándolos en una burbuja no es educar

progenitores les han transmitido todos sus miedos, por lo que han perdido la confianza en sí mismos.

■ **Su autoestima es baja:** son conscientes de que deberían atreverse a enfrentarse a actividades que otros niños de su edad sí realizan.

■ **Son poco autónomos** y muy dependientes.

■ **No saben cómo resolver problemas por sí mismos:** les cuesta programar los pasos para conseguir un objetivo.

■ **Tienen frecuentes problemas interpersonales:** están acostumbrados a que los adultos intervengan en los conflictos con sus iguales. No han podido madurar sus habilidades sociales.

■ **En el ámbito escolar, es frecuente que manifiesten problemas de adaptación** y que se sientan incomprendidos. Les suele costar respetar las normas y

asumir sus responsabilidades.

■ **Tienen poca tolerancia a la frustración.** Quieren ganar siempre, y cuando eso no sucede se enfadan y explotan. Le temen al fracaso, ya que no han tenido la oportunidad de fallar y perseverar hasta lograr las metas por sí mismos.

■ **Son más infelices,** ya que, después de toda una vida de vivir en una burbuja de cristal, cuando tienen que enfrentarse al mundo (laboral, sentimental...) se ven con pocos recursos y habilidades para la vida.

En definitiva, los padres sobreprotectores actúan con la mejor de las intenciones para proteger a sus hijos. Pero lo que consiguen es, justamente, el efecto contrario: debilitarlos.

> **Ana T. Jack**

anatjack@edu.xunta.es

ep ESCUELA DE PADRES

□ **TEMA DEL MES:** Educar sin sobreproteger.

□ **ETAPA:** Infancia y adolescencia.

□ **EL DATO:** El exceso de protección de los padres a los hijos durante la infancia se relaciona con problemas psicológicos en la edad adulta (depresión, ansiedad...).

□ **COMPORTAMIENTOS QUE SE DEBEN EVITAR:** Convertirnos en secretarios al servicio de nuestros hijos (llevándoles la mochila, organizándoles la agenda, haciéndoles los deberes, aguantándoles el bocadillo en la mano mientras juegan...).

□ **ALGUNAS CLAVES:** Los momentos de sufrimiento o de frustración son también aspectos fundamentales en el desarrollo de los niños. Evitárselos a toda costa les impide madurar.

□ **PARA SABER MÁS:** «Las consecuencias de sobreproteger a los hijos». «Revista Faros». Sant Joan de Déu. <https://faros.hsjdbcn.org/es/articulo/consecuencias-sobreproteger-hijos>

Qué podemos hacer para evitarlo

Si queremos que nuestros hijos se conviertan el día de mañana en adultos responsables, autónomos y seguros de sí mismos:

■ **Animémoslos a enfrentarse** por ellos mismos a situaciones difíciles. Les podemos ayudar (necesitan que les ayudemos), pero no resolverles la papeleta.

■ **Enseñémosles a ser capaces** de tomar decisiones con criterio y a asumir sus consecuencias.

■ **Tratemos de aumentar su autonomía** concediéndoles cierto grado de libertad y responsabilidad proporcional a su grado de madurez.

■ **Exijámosles que cumplan** ciertas tareas, obligaciones o responsabilidades.

■ **Transmitámos a nuestros hijos** una percepción tranquilizadora y positiva del mundo. Ver peligros por todas partes solo les aportará una sobredosis de ansiedad e inseguridad.

■ **No les dejemos rendirse** ante la primera dificultad. Cuando se escuden en un «no puedo» digámosles «yo te enseño» o «debes esforzarte un poco más». Eso les enseñará el valor de la perseverancia y la constancia.

■ **Si nuestro hijo es pequeño,** no intervengamos enseguida cuando sufra un acto de prepotencia por parte de otro

niño de su edad. Así nunca aprenderá a defenderse solo.

■ **Cuando sea adolescente,** no nos pasemos con las advertencias: «No vayas con ese, que lleva pirsines», «No te dejes ir a ese campamento, es peligroso»...

■ **Reconozcámosles todo lo que vayan logrando hacer solos:** aumentaremos así su autoestima.

■ **Establezcamos límites** que deben obedecer: así los prepararemos para convivir en sociedad.

■ **No tengamos miedo** a que se frustren... tienen más capacidad de lucha y de superación de lo que nosotros nos imaginamos.

Una educación de calidad empieza con una buena información.

Suscríbete ya a la newsletter de educación
www.lavoz.es/newsletter

Reportajes exclusivos
 Entrevistas
 Informes nacionales e internacionales
 Actualidad educativa
 DOG, BOE y avisos

Todo está cambiando

O bosque animado está de ar

A novela de Wenceslao Fernández Flórez publicouse hai 75 anos

«As árbores teñen as súas loitas. Os maiores asombran aos pequenos, que crecen entón con preza para facerse pronto donos da súa ración de sol e, ao espallar as súas raíces baixo a terra, hai algúns talvez demasiado cobizosos que estorban aos demais no seu léxítimo empeño de alimentarse. Pero entre todos os seres da fraga son os máis pacíficos, os máis bondadosos».

Canto fai que non miras unha árbore e te preguntas sobre o seu xeito de percibir o mundo? E ao resto das criaturas coas que compartes, ás veces sen darte demasiada conta, o teu día a día? Refírome por exemplo aos pardais, ás bolboretas, aos cans, ás flores... Mesmo ás moscas!

Ese primeiro parágrafo escribiuno o escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez. Forma parte do primeiro capítulo da súa novela *O bosque animado*, unha das obras de ficción máis fermosas inspiradas pola natureza, tanto en lingua castelá como en calquera outra.

Como libro impreso, *O bosque animado* abriu as súas páxinas en 1943, hai 75 anos. A súa frescura, a súa tenrura e a súa profundidade son tan extraordinarias que desde entón non fixo máis que gañar en actualidade. Non, non é deses textos que co tempo van quedando anticuados, igual que eses anuncios de estrada que ninguén cambia. Moi ao contrario: do mesmo xeito que un carballo san, as súas pólas non fan máis que medrar. O que les dá tanto vigor, o que impulsa o seu zume e estende as súas follas repletas de relatos, son os seus lectores.

Se non o liches aínda, estás de sorte: o que che espera é unha fabulosa aventura literaria a través dunha fraga tan máxica como real. Un lugar cheo de misterios, historias, humanidade e simpatía polo resto das criaturas coas que compartimos todo iso que chamamos vida. Non falta a morte, non. Nin, desde logo, o humor. Tampouco, en consecuencia, a filosofía. É este un libro tan bondadoso con quen se refuxia entre as súas follas como esas árbores das que fala Fernández Flórez.

BUSCAR ENCONTROS

Ambientado na fraga de Cecebre, unha parroquia do municipio coruñés de Cambre onde o seu autor tiña a súa casa de veraneo, a novela está dividida en 16 capítulos chamados estancias, que tamén se poden ler como relatos separados, aínda que varios personaxes entran e saen de moitos deles igual que un merlo vai e vén por entre a ramada dun castiñeiro. Por certo, como percibirá o mundo un merlo?

Unha das grandes calidades dos seres humanos é a capacidade para

pórse no lugar dos outros. É dicir, para empatizar. Para comprender os persoais puntos de vista de cadaquén e os seus sentimentos, aínda que non os comparta. É precisamente esa habilidade natural para buscar encontros, en lugar de desavizas, o que lle deparou os seus maiores éxitos como especie, os momentos históricos de maior prosperidade. E ao contrario: cando o home antepuxo as discordias aos acordos, fracasou. Sempre.

Cada época debe afrontar a existencia de xentes que, por descoñecemento desa verdade, ou por intereses egoístas, optan polo enfrontamento, e fóméntano. *O bosque animado* escribiuse cando España acababa de atravesar unha feroz guerra civil e a súa non menos feroz posguerra, que tivo como resultado unha opresora ditadura militar de catro décadas. Cales serían hoxe, ao teu xuízo, as consecuencias potenciais dunha actitude oposta á concordia? Que tipo de persoas manteñen hoxe posturas así?

«OS MÁIS PACÍFICOS»

Talvez unha delas teña que ver con ese merlo que quedou pousado aí arriba. E é que unha das grandes fronteiras que atravesa a humanidade

O LIBRO É UNHA FABULOSA AVENTURA LITERARIA A TRAVÉS DUNHA FRAGA TAN MÁXICA COMO REAL

neste século XXI é a súa relación co resto dos seres vivos. Se ata hai nada aínda os viamos como pouco máis que un recurso que explotar, esta concepción vai aos poucos cambiando cara a outra moito máis humana, no mellor sentido da palabra. Entre outros motivos, porque o estudo científico das percepcións, as emocións e a intelixencia de animais e vexetais non fai máis que asombrarnos. O cal, ademais, fainos reformularnos moitas cousas acerca de nós mesmos, coma se abrísemos unha fiestra ao noso propio coñecemento que estivo demasiado tempo pechada.

Mentres esperamos máis e máis descubrimentos nese esperanzador campo de estudo, nada como a boa literatura para adestrarnos en algo tan importante: a comprensión dos outros, tanto de persoas como de animais ou plantas. Faite con *O bosque animado* e pérdete polos seus carreiros entre esas árbores que, a pesar das súas loitas por unha ración de sol, «entre todos os seres da fraga son os máis pacíficos, os máis bondadosos». E atopa alí dentro como sentirte tamén ti así.

> Antonio Sandoval Rey
asandovalrey@gmail.com



O bosque animado é unha fraga tan espesa que as árbores teñen que loitar unhas coas outras para recibir a luz do sol

Wenceslao Fernández Flórez

Naceu na Coruña o 12 de febreiro de 1885 e faleceu en Madrid o 29 de abril de 1964. Desde os 15 anos tivo que gañar a vida como xornalista. Aos 17 xa era director dun diario en Betanzos. A fama chegoulle en Madrid, cando a partir de 1914 comezou a escribir en *ABC* unhas crónicas parlamentarias de enorme éxito. Tres anos despois, a súa novela *Volvoreta* era premiada polo Círculo de Bellas Artes. Seguirían outras tamén moi lidas, como *O segredo de Barba Azul* ou *As sete columnas*, que foi premio nacional de literatura.

De pensamento moi conservador, ao estalar a Guerra Civil recibiu ameazas de morte. A mediación do ministro republicano Julián Zugazagoitia permitiulle escapar a Holanda. Regresaría cando Franco obtivo o poder. En canto a Zugazagoitia, capturado



ALBERTO MARTÍ VILLARDEFRANCOS
O escritor posa coa súa nai en Cecebre

pola Gestapo nazi e entregado a España, sería fusilado, como tantas outras persoas, polo novo réxime. De nada serviu a defensa que del fixo Fernández Flórez. Este retirouse entón á súa casa de Cecebre, e comezou a escribir a que sería a súa novela máis humana: *O bosque animado*.

Vila Fl

Chámase así a vila de Verás, no Verán. Fernández Flórez fundou a Fundación Wenceslao Flórez, unha casa-museo da colección de libros, bibliográficos e ofrece numerosas actividades organizadas pola vila, pódese visitar a través do electrónico: www.fundacionwenceslaofernanandezflor.es

A páxina web de Wenceslao Flórez

<https://www.fundacionwenceslaofernanandezflor.es>



Vila Florentina, en Cecebre

niversario




JUASDSADSADTE

orentina

a casa onde pasaba os seus
dez Flórez. Obra do arqui-
Fenreiro, é hoxe a sede da
ceslao Fernández Flórez e
o autor. Alberga unha ampla
nturas, fotografías, fondos
bxeitos persoais. Ademais,
as actividades culturais or-
fundación. Se che apetece
pór en contacto cos seus res-
és desta dirección de correo
dawenceslaoff@gmail.com
da Fundación Wenceslao
ez é:
dacionwenceslaoff.com/wen-
rez



cecebre



XOSÉ CASTRO

Estrea da película de animación no 2001 na Coruña

Versións para o cine

Existen tres versións para o cine de *O bosque animado*. A primeira é unha curtametraxe de 1975, obra de Antonio F. Simón, titulada *Fendetestas*. Na seguinte década, en 1987, José Luis Cuerda púñase tras a cámara para dirixir entre outros a Alfredo Landa ou Fernando Rey nunha longa co mesmo título que a novela. A adaptación

máis recente, do 2001, é unha película de debuxos animados dirixida por Manolo Gómez e Ángel de la Cruz que se titulou *O bosque animado. Sentirás a súa maxia*.

Fernández Flórez era un gran afeccionado ao cine, ademais de guionista. Seu é, por exemplo, o guiño de *Camarote de luxo*, película de 1957 filmada na Coruña.



ROI FERNÁNDEZ

E ti tes xa o teu bosque favorito?

O teu propio espazo animado

Se tiveses que elixir un espazo natural para escribir sobre os seus habitantes, tanto os humanos como os demais, cal sería? Seica non pensas nun bosque, senón nunha campaña. Ou nun tramo de río, ou de costa. Ou nunha montaña. Que historias sucederían alí? Como percibiría ese lugar cada unha das súas criaturas? Como se verían unhas a outras? De feito, como se verán, en realidade? E a ti, como che verán cada vez que o visitas?



JUAN VEIGA CRECENTE

Lontras no encoro de Cecebre

A fraga de Cecebre hoxe

Boa parte do que outrora foi a fraga de Cecebre está hoxe baixo o encoro de Abegondo-Cecebre, construído en 1975 para abastecer de auga doce á cidade da Coruña e á súa contorna. O que comezou sendo unha enorme bañeira converteuse co tempo nun lugar outra vez cheo de vida. Hoxe é fogar de aguías pescadoras, garzas, lontras, varias especies de patos e libélulas... E é así cada día escenario de multitude de historias. Desde o 2006 forma parte da Rede Natura 2000, que protexe os máis importantes espazos naturais a nivel europeo.

O bosque habitado

Este é o título dun programa xenial sobre árbores, natureza e literatura que se emite todos os domingos ás once da mañá en Radio 3. A súa presentadora, a xornalista María José Parello, é unha experta na obra de Wenceslao Fernández Flórez. Se che apetece escoitar os seus *podcasts*, pódelos atopar nesta ligazón e descargalos:

■ <http://www.rtve.es/alacarta/audios/el-bosque-habitado/>



Escoita os sons da natureza na radio

A Constitución española fai 40 anos

Construír un novo mundo no que coubesen todos foi a difícil tarefa dos deputados de todas as cores políticas

✚ Todos os anos celebramos o 6 de decembro o Día da Constitución porque a lei de leis da nosa convivencia naceu un 6 de decembro de 1978, o día no que foi aprobada en referendo polo pobo español. As persoas temos o costume de celebrar de forma especial os nosos aniversarios cando coincide que cumprimos un número terminado en cero, o que se adoita chamar un número redondo, un número que marca a transición dunha década a outra. Así entramos nos vinte ou nos trinta ou nos cincuenta ou nos oitenta... É coma se pechásenos etapas da vida e pasásemos a outro estadio. Pois igual podemos pensar da nosa Constitución. Mañá entra nunha nova década e pasa da vigorosa mocidade dos trinta á madura serenidade dos corenta anos. Dunha persoa pensaríamos que tería chegado á súa plenitude e estaría a entrar na segunda parte da súa peripecia vital.

Co gallo desta efeméride, o tema está en todos os medios de comunicación. Fálase en todas partes e acotío do seu futuro, da súa reforma, das súas necesidades de modernización, das súas virtudes, dos seus defectos, etcétera. Fixarémonos aquí noutro aspecto, aparentemente máis anecdótico, pero moito máis substancial, para enfrontarnos á difícil tarefa de axustala e póla ao día co fin de que dure outros corenta anos co vigor da súa espléndida madurez. Trátase do espírito e o talante que mostraron aqueles políticos que a acordaron e a redactaron nos difíciles anos que seguiron ao final da ditadura e á xestación dunha nova



BENITO ORDÓÑEZ

Os pais da Constitución José Pedro Pérez-Llorca, Miquel Roca e Miguel Herrero de Miñón, co ex-presidente do Goberno Felipe González nunha sesión solemne para conmemorar o 40.º aniversario das primeiras eleccións xerais de 1977

democracia para España.

Foron tempos difíciles, porque non se acabou de pechar a terrible ferida que unha guerra civil abría no corpo social. Custara millóns de mortos e unha ditadura de case corenta anos. A hora de pórse todos de acordo e de de-

cidir como queríamos estañar as vellas feridas chegara cando faleceu o ditador en 1975. Aparentemente deixouno todo atado e ben atado, pero os españois foron conscientes de que tiñan que resolver o problema por eles mesmos e construír un mundo no que coubesen

todos, os que pensabamos dun xeito e os que pensabamos doutro. Era unha tarefa moi complicada, que necesitaba que todos os políticos, de calquera ideoloxía, asumisen o compromiso.

>Fernando Pariente

Do consenso político á aprobación popular

✚ Non se trataba de que ningún impuxese a outro a súa solución, tampouco se trataba de discutir cal era a mellor opción para elixir entre todas a teorías sociais e económicas posibles. O que era necesario é que fose a solución de todos. Para iso crearon un concepto político novo: o consenso. Os vellos escanos das Cortes tiñan que servir para algo distinto ao que serviran ata entón. Naquel hemicycle debateuse, razoouse, argumentouse, discutiuse e, sobre todo, votouse para que as ideas dous se impuxesen por uns poucos votos sobre as doutros. Agora non se trataba de gañar por estreitas marxes de sufraxios, senón de conseguir que a lei suprema se aprobase porque todos os grupos parlamentarios estivesen de acordo con ela e a sentisen súa. Para conseguilo era necesario non defender as ideas e proxectos propios cos mellores argumentos e os razoamentos máis brillantes, senón estar dispostos a modificar as propostas propias para achegalas ás dos demais ata chegar a aqueles puntos que todos puidesen admitir aínda que non lles gustasen ao cento por cento. Había que chegar a

que todos atopasen parcialmente satisfactorio o resultado, aínda que botasen de menos ideas que lles parecían moi queridas. Era necesario resignarse a deixar polo camiño parte duns ideais para conseguir un resultado que puidese ser aceptado polos demais.

O punto de partida foi aceptar un pacto constituínte polo que todos os partidos políticos participarían na redacción do texto constitucional, que, deste xeito, non sería da esquerda nin da dereita, nin dos monárquicos nin dos republicanos, nin dos centralistas nin dos nacionalistas, senón de cada un nalgúnhas cousas e de ningún na súa totalidade. Os seus artigos discutíronse na Cámara e fóra dela coa vehemencia e a paixón requirida, pero sen perder de vista o obxectivo de acordar. Con frecuencia, ao debate no salón de plenos das Cortes seguíanlle outros máis informais entre grupos máis reducidos de deputados de distintos partidos en despachos ou, avanzada a noite, en restaurantes que con frecuencia terminaban en discusións a dúas bandas entre Fernando Abril Martorell e Al-

fonso Guerra, que remataban a moi altas horas da madrugada pactando un texto que ao día seguinte volvería debater a Cámara.

Todos os partidos foron deixando elos na gateira. Uns tiveron que renunciar á república e aceptar a monarquía, outros renunciaron a conservar a centralidade do Estado e admitiron as autonomías, algúns tiveron que aceptar a abolición da pena de morte, outros a laicidade do Estado ou a educación privada sostida con fondos públicos, etcétera. Ao final, cando xa estaba toda ela redactada e tivo que someterse á última votación dos señores deputados, aprobárona co seu voto afirmativo a práctica totalidade dos membros das dúas Cámaras. As últimas votacións remataron cun resultado de 551 votos afirmativos, 11 votos negativos e 22 abstencións.

REFERENDO POPULAR

Para culminar a tarefa faltaba unicamente a aprobación dos cidadáns. A longa discusión parlamentaria sobre o articulado servira para familiarizar a cidadanía co contido da lei, e o feito de que os representantes do

pobo chegasen a un grao tan alto de consenso na súa redacción e aprobación presaxiaba que a vitoria da aprobación ía ser moi alta. O referendo celebrouse o 6 de decembro e participou nel o 58,97 % do censo electoral. O voto afirmativo alcanzou o 87,78 %.

TEMPOS NOVOS

Agora, 40 anos despois, é necesario recordar aqueles tempos e o seu espírito porque foron momentos transcendentais da nosa historia resoltos con grande eficacia. A Transición española desde unha ditadura á democracia sen provocar traumas sociais, respectando escrupulosamente a lei, coa colaboración de todos os partidos e grupos políticos e a participación activa da cidadanía en orde e en paz espertou a admiración do mundo e mostrou un camiño que despois outras nacións seguirían. Por iso é tan importante recordar a experiencia de como se creou esa Constitución para intentar recuperar o espírito dos seus creadores. Para reformar a nosa lei de leis sería conveniente alcanzar consensos tan sólidos como os que lograron os que a crearon.



actividades

A1. Coñecer o contido da Constitución é un primeiro paso imprescindible. Planifícase durante o mes de decembro un tempo para ir coñecendo os seus artigos máis importantes.

A2. Buscade con axuda de Internet cales foron os asuntos que provocaron maiores debates entre os deputados durante a redacción do texto e comprobade se na actualidade suscitan a mesma controversia ou se, pola contra, as posicións fóronse aproximando.

A3. Non perdedes o suplemento que publica mañá La Voz de Galicia con motivo do 40.º aniversario da Constitución. Todo un agasallo para as clases da vindeira semana!

No dejes tu huella en el agua

Introducir unos pequeños cambios en nuestros hábitos de consumo servirá para que mejore la futura calidad del agua potable

Los estudios indican que ingerimos de 2 a 4 litros de agua a diario, pero también recuerdan que la mayor parte de la que consumimos está incorporada en los alimentos: para producir un kilo de trigo, por ejemplo, se emplean 1.500 litros de agua, y para un kilo de carne de vacuno es necesario consumir nada menos que 15.000 litros.

Por eso es de gran interés el concepto de huella hídrica, que cada vez se utiliza con más frecuencia en todos los ámbitos. Fue introducido en el 2002 por el profesor Arjen Hoekstra en sus trabajos para la Unesco, con la finalidad de objetivar y medir el coste que en términos hídricos tienen las actividades humanas.

Explicado de una forma breve y sencilla, la huella hídrica o huella de agua es la cantidad de este producto que es necesario consumir, evaporar o contaminar para producir un producto o para realizar una actividad. Se piensa que este indicador podrá ser de utilidad a la hora de tomar medidas más eficientes en la gestión del agua y será una excelente referencia para saber cuál es nuestro consumo.

CUÁNTA HACE FALTA

Estos son unos ejemplos de la huella hídrica que tienen algunos productos de consumo. Se necesitan:

- 2.700 litros de agua para producir una camiseta de algodón.
- 11.000 litros de agua, el volumen de un camión cisterna tipo, para producir un pantalón vaquero.
- 8.000 litros para fabricar un par de zapatos de piel de vacuno.
- 2.000 litros de agua para producir 1 kilo de papel.
- 230 litros de agua para un gramo de oro.
- 52.000 litros para producir un coche sedán.

>Fran Armesto



PEPA LOSADA

El consumo diario de agua no se limita a la que bebes o dejas correr mientras te lavas los dientes

actividades

Todos podemos ayudar

Todos podríamos poner en práctica en nuestra vida cotidiana algunos de los consejos que ofrecen diferentes organismos y fundaciones comprometidas con el uso sostenible del agua:

- Cambia el baño por la ducha. Llenar una bañera media requiere mucha más agua que darse una ducha rápida.
- ¿Tu ducha dura más tiempo que tu canción favorita? Acorta las duchas, ahorra agua.
- Dejar correr el agua es tirar por el desagüe, así que cierra el grifo cuando te cepilles los dientes.
- ¿Tu inodoro es más inteligente de lo que piensas? El mecanismo de descarga rápida del sistema de doble descarga utiliza un 70 % menos de agua que uno estándar.
- El inodoro no es una papelera de agua: lleva los medicamentos caducados a la farmacia y las compresas, toallitas y bastoncillos de algodón a la papelera!
- Nunca viertas las sustancias químicas de uso doméstico que no desees por el fregadero o al suelo. Lévalas a tu centro de recogida de residuos.
- ¿Está el agua demasiado caliente como para tocarla? ¿Siempre estás añadiendo agua fría? Baja la temperatura y así también ahorrarás energía.

■ Compra champús biodegradables y utiliza productos de limpieza verdes siempre que sea posible.

■ ¡Aprieta más la carga! Llena por completo tu lavadora y el lavavajillas, y lava todo de una vez.

■ ¿Se ofendería tu ropa si te la volviess a poner? Los jerseys y los pantalones pueden ponerse dos veces fácilmente y también te durarán más si los lavas menos.

■ Elige los ciclos de ahorro de las lavadoras y lavavajillas y utiliza la mínima cantidad de detergente posible.

■ ¿Te gusta el agua tanto como tu toalla? Utiliza tu toalla más de una vez, ya que, cuando te seques después de la ducha, estás limpio y no la manchas.

■ Conviértete en un defensor del agua. Participa en las actividades de limpieza de playas locales y ayuda a enseñar a otros a proteger el agua.

La lucha contra la contaminación

Las tres fuentes principales de contaminación de las aguas superficiales son los residuos urbanos, los industriales y los agrícolas (plaguicidas y abonos). Aproximadamente la mitad de la población de los países en vías de desarrollo vive expuesta a esta contaminación, y por esa razón están sufriendo gran cantidad de dolencias y enfermedades. Los ríos asiáticos, por ejemplo, tienen tres veces más bacterias fecales y hasta diez veces más plomo que los del resto del mundo. Así que preocuparse por conservar la calidad de nuestras aguas es la mejor forma de invertir en la calidad de vida de nuestro futuro.

Las aguas residuales urbanas acumulan una cantidad muy elevada de microorganismos, y algunos son patógenos. También contienen una gran diversidad de contaminantes, entre



SANDRA ALONSO

Estación depuradora de aguas residuales (EDAR) de Silvouta

los que se incluyen detergentes, medicamentos, ambientadores, aceites, cosméticos y otros productos domésticos.

DISRUPTORES ENDOCRINOS

En los últimos años han cobrado protagonismo unas sus-


tancias llamadas disruptores endocrinos, por su capacidad para alterar los equilibrios hormonales de los seres vivos (el ser humano incluido). Dichos disruptores provocan, especialmente, disfunciones en el sistema reproductivo. Están

entre las causas de la infertilidad y de algunos cambios de sexo.

Entre los disruptores se encuentran productos tan diversos como plaguicidas, disolventes, cosméticos, detergentes y plásticos. La actividad industrial los utiliza y los añade a los materiales con los que trabaja (latas, moquetas, telas, envoltorios, maderas, plásticos, etcétera) para mejorar sus propiedades: unos retrasan la oxidación, otros impiden el crecimiento bacteriano, algunos complican que el material pueda arder... El cambio de sexo, por ejemplo, ya se ha observado en peces e invertebrados que viven próximos a zonas donde existen vertidos de aguas residuales. Y esta exposición es la causa a la que muchos culpan de la baja calidad de esperma que poseen los jóvenes de hoy en día.



«Bodegón con cacharros» (c. 1650), Francisco de Zurbarán. Museo del Prado



actividades

1 En el bodegón de cacharros podemos ver, de izquierda a derecha, un bernegal sobre una salvilla de peltre, una alcarraza, un búcaro de Indias y una segunda alcarraza que reposa sobre otra salvilla. Recorta la imagen y separa cada uno de los cacharros. Ordénalos de otro modo. ¿Qué disposición te gusta más?

2 Las alcarrazas son recipientes de barro poroso, como los botijos, que permiten que parte del agua salga a través de las paredes y se evapore espontáneamente, con lo que ha de absorber calor, lo que contribuye a enfriar el agua del interior. Indica otros procesos espontáneos que tengan lugar absorbiendo calor.

3 Imagina que quieres que cada uno de los cacharros represente uno de los cuatro partidos políticos más votados. ¿Qué cacharro escogerías para cada uno? Indica dos razones en cada caso para tu elección.

4 Dada la siguiente relación de números 5, 4, 2, 9, 8, 6, 7, 3, 1: indicar el criterio que se ha seguido para ordenarlos.



5 La palabra griega cosmos significa orden, y en esta imagen podemos ver una representación del universo según Ptolomeo, donde la Tierra ocupa el centro. Fíjate el orden en que se encuentran los planetas que veían en el cielo. ¿Cómo ordenarías hoy los astros que nos rodean siguiendo el criterio de menor a mayor distancia a la Tierra?

Los significados del orden

Este lienzo de Zurbarán rezuma orden. Una copa metálica y tres vasijas de barro, con dos bandejas de otro metal forman una admirable composición que cede su protagonismo a la luz. La neutralidad del fondo y de la repisa, la ausencia de sombras sobre los recipientes, las simetrías, las parejas, las alternancias en colores y volúmenes, todo ayuda a reflejar la idea de equilibrio, serenidad y armonía. Y, sin embargo, alguien podría afirmar que esos seis objetos no están ordenados. De izquierda a derecha, o viceversa, no figuran en orden alfabético, ni de valor económico, ni de capacidad, ni de altura, ni de año de fabricación, ni de nada que se me ocurra.

A veces el orden es invisible. Quiero decir que el criterio de ordenación no es apreciable a primera vista. Valga ello como justificación a tantas veces que se nos ha reprochado el desorden de nuestra habitación o de nuestra mesa de trabajo, cuando nosotros sabíamos perfectamente dónde estaba cada cosa. Ese razonamiento puede valer cuando es solamente una persona quien ha de manejar el sistema. En otro caso los objetos

han de estar «en su sitio», o «donde debe ser» de manera que en definitiva exista un orden «como Dios manda», es decir que responda a una norma generalmente aceptada, que puede explicitarse, y que suele facilitar el uso de las cosas. Las personas que han tenido que compartir un espacio o unos utensilios saben bien de la importancia de ello.

Es quizás por esa razón que por orden entendemos también el estado de normalidad o funcionamiento correcto de algo, en especial la armonía en las relaciones humanas dentro de una colectividad. A esta acepción corresponden expresiones como «poner orden» o «las fuerzas de orden público» y también cuando hablamos del orden constitucional, expresando con ello el criterio que garantiza la normalidad. Por cierto que en estas fechas, y siempre, es bueno recordar que el orden constitucional es base del Estado de derecho, o sea que todos los ciudadanos y los poderes

El orden constitucional garantiza la normalidad y es base del Estado de derecho

públicos están sujetos a la Constitución y al resto del ordenamiento jurídico. Derivados de esta idea los encontramos en las órdenes religiosas, militares y civiles, que caracterizan a conjuntos de personas que aceptan además otras normas adicionales.

El orden está presente en todos los aspectos de la vida y la cultura. La colección de citas de hoy, por ejemplo, está en orden cronológico, lo que suele ser de interés, por ejemplo, para ver cómo se podrían heredar las ideas. Otras veces optamos por el orden alfabético, el orden temático o cualquier otro. En ciencia el orden, o el desorden, es un concepto muy importante, sobre todo en termodinámica, porque muchas veces nos sirve para predecir sucesos espontáneos. Sabemos que en la naturaleza existe una tendencia espontánea al desorden, y por ello un azucarillo se disuelve por sí solo, cuando estaría más ordenado el azúcar a un lado y el café por otro. También, cuando barajamos unas cartas sabemos que es improbable que salgan juntas y ordenaditas todas las de un mismo palo. De estos hechos los científicos hablan de estadística y de entropía, una medida del desorden.

> Moncho Núñez Centella

Ipse dixit



El orden es el más hermoso ornamento de una casa

Pitágoras (569-475 antes de Cristo)

Cuidado con el hombre que habla de poner las cosas en orden. Poner las cosas en orden siempre significa poner las cosas bajo su control

Denis Diderot (1713-1784)

Que la ley sea terrible y todo

volverá al orden

Georges Danton (1759-1794)

La esencia del clasicismo consiste en venir después. El orden supone un cierto desorden que acaba remitiendo

Paul Valéry (1871-1945)

El firmamento es un hermoso

prodigio de orden. El orden público, por el contrario, no es más cosa, con harta frecuencia que un caos silencioso

Camilo José Cela (1916-2002)

Admiro a los hombres que buscan el orden social ideal, pero temo a los que lo han encontrado

Ephraim Kishón (1924-2005)